

LA MANO INVISIBLE

[David Macián, 2016]

227

ESTREA EN NUMAX: 02.05.2017 | v.o. | +12

La mano invisible (2016, 83')

Dirección: David Macián

Guión: David Macián, Daniel Cortázar (Novela: Isaac Rosa)

Elenco: Marta Larralde, Marina Salas, Josean Bengoetxea, José Luis Torrijo, Edu Ferrés, Bárbara Santa-Cruz, Daniel Pérez Prada, Esther Ortega, Christen Joulin

Son: Miguel Ángel Calvo, Alberto Pacheco

Vestuario: Sandra G. Gudiña

Montaxe: Daniel Cortázar

Dirección de arte: María Díaz

Fotografía: Fernando Fernández

Música: Paco Alcázar

Produtoras: La mano invisible (España)

Distribuidora: El Sur

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

El increíble trueno escarlata, 2012

[curtametraxe]

Profesor Brofman, 2011

[curtametraxe]

Vivir del aire, 2010

[curtametraxe]

Tropezones, 2009

[curtametraxe, con Eduardo Molinari]

Liquidación total, 2007

[curtametraxe]

SINOPSE

Nunha nave industrial, once persoas son contratadas para facer o seu traballo fronte a un público: un albanel, un carneiro, unha costureira, unha teleoperadora, un camareiro, un mozo, un mecánico, un informático e unha limpadora. Obra de arte, reality show, experimento macabro: non saben ante o que se atopan, nin quen é a man que move os fíos nese perverso teatro. Adaptación da novela de Isaac Rosa, punzante parábola sobre a precariedade laboral.

PREMIOS E FESTIVAIS

REC Festival Internacional de Cine de Tarragona (Premio do Público), Sevilla 2016 (Sección Nuevas Olas)

«Un capítulo perdido de *Black Mirror* escrito por George Orwell»

Adrián Muñoz. LA INERCIA



“O meu cineasta contemporáneo favorito é Aki Kaurismäki”

Entrevista con David Macián

Por Manu Yáñez

Como foi o descubrimento da novela *La mano invisible*?

Atopábame nun momento de preocupación respecto ao mundo laboral. En paralelo á miña carreira de curtametraxista tiña desempeñado varios traballos alimenticios en oficinas e descuberto unha realidade marcada pola ausencia de entendemento entre os traballadores e por unha gran deshumanización. Nun intre de decepción e decaemento, comecei a buscar obras que me puidesen axudar a reflexionar sobre o mundo do traballo e así dei coa novela de Isaac Rosa, de quen non lera nada até ese intre. A novela axudoume a ordenar a miña visión dese universo.

Coido que a produción do filme foi singular, non si?

Nun principio queríamos facer un filme dun xeito máis tradicional, con algunha subvención e financiamento dalgunha televisión, mais tratándose dunha proposta tan política, arriscada, sen caras coñecidas, cun director novel, resultou imposible. A partir de aí, decidín facer o filme dun xeito cooperativo, algo que me pareceu coherente. Dado que no filme mostramos que a forma actual de traballo está cheo de lagoas e miserias, e que

precisaba ser repensada, parecíame lóxico repensar a maneira de facer cinema. As producións cinematográficas adoitan ser moi xerarquizadas, moi verticais, mais eu quería facer algo máis horizontal e transparente. Para iso pedín a colaboración dos actores, dalgunha xente que nos axudou como mecenas e de xente que achegou todo tipo de recursos, vestiario, un coche... Entre todos formamos unha cooperativa e rematamos nunha mesma dirección. Isto ten unha parte mala que é a precariedade que pode levar ao límite da túa resistencia, mais ao remata sacas forzas de fraqueza porque o compromiso colectivo é moi fermoso. Para o futuro gustaríame quedarme coa parte boa do sistema asembleario e poder sumar algo de financiamento para poder ter uns soldos, aínda que sexan modestos.

Gustaríame saber cal é a túa concepción do cinema.

Gústame o cinema social, mais non aquel que che dá todo moi mastigado e resulta panfletario. Gústame o cinema que lanza preguntas para que o espectador poida reflexionar e levalas ao seu terreo. Semella que nos acostumamos a obedecer, tamén como espectadores: todo che vén dado e tes que adaptarte a iso. Penso que este filme, e tamén a novela de Isaac, convidante a desmontar certos tópicos sobre o mundo laboral para que ti poidas reflexionar desde a túa situación particular.

O meu cineasta contemporáneo favorito é Aki Kaurismäki. Gústame porque os seus filmes non son obvios. Ken Loach adoita gustarme mais a veces emprega a brocha gorda. Kaurismäki é sutil, capaz de mostrar realidades sociais

moi crúas dun modo moi humano. Os seus filmes non se parecen ao meu, mais interésame esa idea dun cinema social non panfletario, menos discursivo e máis humanista. Os irmáns Dardenne son outros autores que me interesan moito.

Nota do director

Formulado como un filme cooperativo e autoxestionado que trata de buscar alternativas ao modelo de produción tradicional, *La mano invisible* toma prestada a esencia da novela de Isaac Rosa, na que se basea, para colocar o espectador nun espazo intermedio entre os protagonistas da historia e ese público que asiste a velos cada día, obrigándoo así a reformular certas cuestións que non sempre resultan cómodas:

Por que traballamos? De que serve o traballo? Dignifícanos dalgún xeito? Ennobrécenos? Facémolo para nos realizar? Para acadar metas ou soños, para triunfar, para vivir ben, para sobrevivir?

La mano invisible convida á reflexión constante; pincha o espectador e non lle permite a contemplación pasiva dos feitos que se narran. O que busca é que nos cuestionemos cousas que damos por sentadas, que pensemos en axiomas que nos transmiten e inculcan desde pequenos e que rara vez poñemos en dúbida. Ao final a gran pregunta é, poderíamos traballar doutro xeito?

Publicado en <http://www.otroscineseuropa.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

La mano invisible, Isaac Rosa. Seix Barral, 2011

Pack Aki Kaurismäki vol. 4. Cameo [DVD]

Dos días, una noche, Jean-Pierre & Luc Dardenne. Cameo [DVD&BluRay]

